


# OS COTOS

XULLO  
2024



**FACER MEMORIA DA VIDA,  
BOTAR DE MENOS,  
TER PRESENTE  
OS MELLORES MOMENTOS,  
CRER QUE A VIDA  
É MOITO MÁIS  
QUE O AQUÍ VIVIDO.**



**ASÍ O CREMOS  
E  
ASÍ O COMPARTIMOS NA FE.**



221 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá

**“Un contiño para vivir”****“A bailariña de Auschwitz” Un libro recomendado**

Unha das miñas afeccións favoritas é a lectura, deixarse emborrachar polas páxinas dun libro e trasladarte a situacións que emocionan ou fan reflexionar.

Este é o caso deste libro de Edith Eger, que polo título podemos pensar que nos vai encher de historias tristes pero que iso non é o importante del senón poder descubrir o agasallo que se nos desvela.

A autora tiña 17 anos cando Hungría foi invadida polos nazis, a partir de aí podemos intuír parte do que trata a historia ata que xa en América convértese en psicóloga e transforma a súa vida e a de os que a necesitan.


Todos os que temos certa idade xa experimentamos perdas importantes na vida, enfermidades nosas ou de seres queridos, situacións difíciles de vivir e sobre todo de facelo atopándolle un senso.

Nós, os crentes, temos o apoio inestimable do noso “Pai” que nos marca o camiño pero cantas máis ferramentas atopemos mellor nos irá.

A autora deixa no libro unha mensaxe clara: temos a capacidade de escapar das prisións que construímos nas nosas mentes e podemos elixir ser libres, sexan cal sexan as circunstancias das nosas vidas.

Sufrir é algo inevitable e universal, porén o que cambia é a forma de reaccionar ante o sufrimento.

“Non podemos decidir ter unha vida sen dor. Pero podemos decidir ser libres, escapar do pasado, suceda o que suceda e adaptarnos ao posible. Invítote a que decidas ser libre”.



Quen será o primeiro?

## **O SANTO PARA O MES, en xullo, o día 4: BERTA**

Nome que ten dúas orixes, pois pode ser un derivado de Alberto ou

Roberto, e pode ser tamén de orixe xermánica significando “brillo, esplendor”.

Santa Berta fundou un mosteiro en Artois (Francia). Faleceu no 725. Decidiu enclaustrarse nunha pequena celda ao pe do altar da abadía, para alí vivir durante 25 anos.

Tiña este nome a nai de Carlomagno. Berta tamén era o nome do canón alemán que bombardeou París durante a I Guerra Mundial.

**CONSELLO**



“Se non podemos poñer fin  
ás nosas diferenzas,  
axudemos a facer do mundo  
un lugar axeitado para elas”

John Fitzgerald Kennedy



# MULLERES LOITADORAS



## Leymah Gbowee (Liberia 1972)



Esta activista liberiana, organizou un forte movemento que contribuíu a poñer fin á segunda guerra civil no seu país. Con tan só 17 anos reuniu coraxe e esforzo para iniciar un cambio. Axudou a nenos soldado, fortaleceu as familias e mulleres creando a Acción Masiva pola Paz das Mulleres de Libeira. O seu traballo desembocou nun gran recoñecemento: recibiu o Premio Nobel da Paz 2011..

## Ane Addams (estados Unidos 1860)

Addams sempre perseguiu os seus ideais, moi vinculados á responsabilidade comunitaria. Ademais foi a primeira estudante en recibir un grado oficial da universidade Rockford Female Seminary. Os seus estudos forxaron un futuro prometedor, cos dereitos de mulleres e nenas.

Por iso en 1910 converteuse na primeira muller presidenta da Conferencia Nacional de Traballo Social. Cinco anos máis tarde foi a presidenta do Congreso Internacional das Mulleres da Haya. Destacou sobre todo 1931 cando foi nomeada a primeira muller gañadora do premio Nobel da Paz.



## **O Papa Francisco: Fala da Intelixencia Artificial (IA) no cumio G7**



"Condenaríamos á humanidade a un futuro sen esperanza se quitáramos ás persoas a capacidade de tomar decisión sobre si mesmas e as súas vidas, condenándoas a depender das eleccións das máquinas".

A ONU tamén aproba unha resolución sobre a IA buscando que sexa segura e digna de confianza.

## **LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XULLO**

DÍA 7	LECTURA	Ex 2, 2-5	Han de saber que hai un profeta no medio deles
	EVANXEO	Mc 6, 1-6	Xesús sorprendido por aquela incredulidade
DÍA 14	LECTURA	Ef 1, 3-10	Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo
	EVANXEO	Mc 6, 7-13	Xesús envía aos Doce a anunciar o Evanxeo
DÍA 21	LECTURA	Ef 2, 13-18	Cristo é a paz e fixo dos dous pobos un
	EVANXEO	Mc 6, 30-34	Os apóstolos contan a Xesús o que fixeran
DÍA 28	LECTURA	Ef 4, 1-6	Mantede a unidade no vínculo da paz
	EVANXEO	Xn 6, 1-15	Xesús colleu pan, deu grazas, e repartiuno